

**ACTA DA REUNIÓN DO 21 DE XANEIRO DE 2015 DA MESA DE CONTRATACIÓN
PARA A SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL.**

PRESIDENTE:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente da Mesa do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

D. Juan Carlos Caride Puente
Letrado do Parlamento de Galicia
D^a. María del Carmen Fernández da Silva
Viceinterventora do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:

D. Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás 13,10 horas do día **21 de xaneiro de 2015**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación xeral das ofertas presentadas para tomar parte na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a subministración de gas natural.

Orde do día:

Punto primeiro.- Comunicación da puntuación obtida polas empresas en base aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor.

Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída no sobre "C" ("Documentación técnica e relativa aos criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas").

Invítase a que accedan á sala os representantes presentes das empresas concorrentes:

D. Rafael Portela Carreo (dni nº 76903560R), en representación de Endesa enerxía, s.a.u.

D^a. Florentina Cuevas Muñoz (dni nº 26222348W) en representación de Gas Natural comercializadora, s.a.

De seguido procedese a:

Punto primeiro.- Comunicación sobre a puntuación obtida polas empresas concorrentes en base aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor.

O presidente da Mesa de contratación anuncia que si algún dos presentes o solicita se procederá á lectura do anuncio de licitación publicado no Diario Oficial de Galicia nº 234, de 5 de decembro de 2014. Ningún dos presentes o solicita.

Da cualificación de documentos dos sobres A resultaron admitidas as seguintes empresas:

- Gas Natural comercializadora, s.a.
- Endesa enerxía, s.a.u.

Non resultou inadmitida ningunha empresa

O presidente informa que o 12 de xaneiro celebrouse sesión pública de apertura dos sobres "B" (Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor) e posteriormente a documentación neles contida foi trasladada á unidade administrativa competente do Parlamento de Galicia para a súa valoración. Logo de analizado o correspondente informe técnico de avaliación efectuado por esa unidade, que asume a Mesa de Contratación, determínase o seguinte:

Vistas e estudadas as propostas, os puntos acadados por cada empresa son:

EMPRESA	Puntuación
Endesa enerxía, s.a.u.	1
Gas Natural comercializadora, s.a	2

Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída no sobre "C" ("Documentación técnica e relativa aos criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas").

A continuación o presidente invita aos presentes na sala a que examinen os sobres "C" presentado polas empresas, e comproben que se atopa pechados e nas condicións nas que foron entregados. Así mesmo informa de que poden, antes de proceder á apertura dos sobres, efectuar as manifestacións ou observacións que consideren oportunas, pero que unha vez iniciada, non se admitirán interrupcións.

Procédese a continuación á apertura dos sobres presentados polas empresas concorrentes. En voz alta o secretario anuncia a oferta de cada empresa:

- Gas Natural comercializadora, s.a.

a.- Termo fixo: 80,97 €/mes

b.- Termo enerxía ou variable:

Coeficientes constantes	
coeficiente A	0
coeficiente B	0
coeficiente C	4,2402
Coeficientes variables	
Data Brent603	108,925
TC303	1,3711
Prezo termo enerxía ou variable	
Prezo termo enerxía ou variable (A + B x Brent) x TC + C	4,2402 c€/Kwh

c.- Alugueiro equipo de medida:

Prezo alugueiro equipo de medida	30,00 €/mes
----------------------------------	-------------

- Endesa Energía, s.a.u.

a.- *Termo fixo:* 80,97 €/mes

b.- *Termo enerxía ou variable:*

Coeficientes constantes	
coeficiente A	0,009770
coeficiente B	0,000292
coeficiente C	0,018342
Coeficientes variables	
Data Brent603	105,7400
TC303	0,7544
Prezo termo enerxía ou variable	
Prezo termo enerxía ou variable (A + B x Brent) x TC + C	0,045575

c.- *Alugueiro equipo de medida:*

Prezo alugueiro equipo de medida	25,19 €/mes
----------------------------------	-------------

O Presidente invita aos asistentes que así o desexan a examinar a documentación contida nos sobres "C".

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 13,20 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data indicados.

 Miguel Ángel Santalices Vieira Presidente	 Juan Carlos Caride Puente Vogal
 María del Carmen Fernández da Silva Vogal	 Santiago González Serrano Secretario